

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 14 de xaneiro de 2016 pola que se fixan as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida.

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 24 de xullo, na súa disposición adicional novena modificou o artigo 47.11 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e estableceu que, co obxecto de adecuar a porcentaxe de reserva total de solo para vivenda protexida (PRTC) daqueles concellos en que o plan xeral fixe unha reserva baseada nos datos estimados de demanda, o Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará anualmente, mediante resolución, a porcentaxe de reserva aplicable a cada concello con base nos inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a porcentaxe media para o conxunto da Comunidade Autónoma.

Por todo o anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Establecer as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida dos concellos con máis de 5.000 habitantes, así como a porcentaxe media para o conxunto da Comunidade Autónoma, con base no número de inscritos como solicitantes de vivendas protexidas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

En aplicación da disposición adicional novena da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, estarán exentos das reservas de solo aqueles concellos que contén con menos de 5.000 habitantes inscritos no padrón municipal no momento da aprobación inicial do plan xeral, cando este non conteña previsión para novos desenvolvementos urbanísticos en solos clasificados como urbanos non consolidados e urbanizables que superen as cinco vivendas por cada 1.000 habitantes e ano, tomando como referencia o número de anos que se fixe como horizonte do plan.

Segundo. Estas porcentaxes de reserva unicamente serán de aplicación naqueles concellos en que o plan xeral fixe unha reserva de solo para vivenda protexida baseada nos datos estimados de demanda tomando como base o número de inscritos como solici-



tantes de vivendas protexidas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Ordenar a publicación das ditas porcentaxes como anexo desta resolución e na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

Heriberto García Porto
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

ANEXO
**Porcentaxe de reserva de solo para vivendas protexidas
para concellos de máis de 5.000 habitantes**

Porcentaxe media para o conxunto de Galicia: 4,66 %

Concello	PRTC*
Abegondo	1,97 %
Allariz	3,80 %
Ames	4,53 %
Ares	0,17 %
Arteixo	2,62 %
Arzúa	0,00 %
Baiona	3,06 %
Barbadás	0,29 %
Barco de Valdeorras, O	2,54 %
Bergondo	1,04 %
Betanzos	1,89 %
Boiro	0,53 %
Brión	7,54 %
Bueu	0,82 %
Burela	3,24 %
Caldas de Reis	0,61 %
Camariñas	0,00 %
Cambados	1,51 %
Cambre	5,23 %
Cangas	2,00 %
Cañiza, A	0,57 %



Concello	PRTC*
Carballiño, O	2,14 %
Carballo	0,67 %
Carral	0,65 %
Castro de Rei	0,39 %
Cedeira	0,14 %
Cee	0,26 %
Celanova	0,18 %
Cerceda	1,18 %
Chantada	2,94 %
Coristanco	0,46 %
Coruña, A	8,94 %
Culleredo	5,00 %
Estrada, A	1,28 %
Fene	2,54 %
Ferrol	11,20 %
Foz	1,72 %
Gondomar	1,49 %
Grove, O	0,09 %
Guarda, A	0,69 %
Guitiriz	0,54 %
Lalín	0,95 %
Laracha, A	0,26 %
Lugo	10,66 %
Malpica de Bergantiños	0,35 %
Marín	2,27 %
Meaño	0,00 %
Meis	0,00 %
Melide	0,66 %
Miño	0,17 %
Moaña	2,62 %
Monforte de Lemos	3,83 %
Mos	2,61 %
Mugardos	0,93 %
Muros	0,11 %
Muxía	0,00 %
Narón	5,66 %



Concello	PRTC*
Neda	0,57 %
Negreira	0,14 %
Nigrán	1,59 %
Noia	1,80 %
Oleiros	2,80 %
Ordes	0,39 %
Oroso	3,10 %
Ortigueira	3,26 %
Ourense	2,93 %
Outeiro de Rei	0,39 %
Outes	0,00 %
Oza-Cesuras	0,00 %
Padrón	2,08 %
Pereiro de Aguiar, O	0,00 %
Pobra do Caramiñal, A	0,42 %
Poio	2,26 %
Ponte Caldelas	0,72 %
Ponteareas	1,00 %
Ponteceso	0,35 %
Pontedeume	0,25 %
Pontes de García Rodríguez, As	2,00 %
Pontevedra	9,26 %
Porriño, O	4,60 %
Porto do Son	0,11 %
Redondela	1,48 %
Rianxo	3,78 %
Ribadavia	0,98 %
Ribadeo	5,54 %
Ribadumia	2,95 %
Ribeira	0,66 %
Rosal, O	0,00 %
Sada	1,06 %
Salceda de Caselas	1,80 %
Salvaterra de Miño	1,35 %
San Cibrao das Viñas	0,20 %
Santa Comba	0,31 %



Concello	PRTC*
Santiago de Compostela	9,39 %
Sanxenxo	2,07 %
Sarria	4,78 %
Silleda	0,57 %
Soutomaior	1,09 %
Teo	0,38 %
Tomiño	0,07 %
Tui	1,23 %
Valdoviño	1,04 %
Valga	0,00 %
Vedra	0,00 %
Verín	2,48 %
Vigo	13,15 %
Vila de Cruces	1,62 %
Vilaboa	1,16 %
Vilagarcía de Arousa	3,47 %
Vilalba	3,62 %
Vilanova de Arousa	0,38 %
Vimianzo	0,00 %
Viveiro	2,48 %
Xinzo de Limia	0,70 %

